

BASES LEGAIS DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO “ESTE VERÁN DUPLICA O TEU SOLDADO CON SANTIAGO CENTRO”

1.- EMPRESA ORGANIZADORA DA PROMOCIÓN

A Fundación Santiago Centro, Área Comercial, con domicilio en Santiago de Compostela y CIF G15926496 organiza con fins promocionais o concurso “Este verán duplica o teu soldo con Santiago Centro” (en adiante, “a **Promoción** ”), de ámbito nacional, a desenvolver a través de Internet, en exclusiva para maiores de idade segundo o disposto no apartado de condicións para participar.

2.- DATAS DE INICIO E DE FINALIZACIÓN

A Promoción comezará o día 1 de xullo e finalizará o día 15 de xullo.

3.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DA PROMOCIÓN

- Poderán participar aquelas persoas que residan en España e sexan maiores de 18 anos.
- Os datos persoais que os participantes proporcionen deberán ser veraces.
- Os Participantes poden optar cantas veces o desexen á presente promoción.

A mecánica da Promoción será a seguinte:

* Durante a primeira quincena de xullo instalarase en diversos puntos do Ensanche de Santiago un cartel móbil de grandes dimensións, rotulado polas dúas caras cos motivos da campaña e coas etiquetas #comercioseguro #comerciolocal. O cartel móbil estará en puntos fixos das rúas do Ensanche durante 4 horas diarias (2 pola mañá e dúas pola tarde), en localizacións que serán anunciadas previamente.

* Os Participantes faranse fotografías ante o cartel e subiran as súas contas persoais nas redes sociais (Facebook e Instagram) baixo as etiquetas #santiagocentro #eucomprolocal.

* Entre as fotografías subidas ás redes durante a campaña Santiago Centro sorteará un premio total de 1.500€ en vales de compra, que se deberán canxear nos comercios asociados ao Centro Comercial Aberto do Ensanche.

4.- CONDICIÓN DA PROMOCIÓN E PREMIOS

Haberá un único gañador do premio, que deberá contactar con Santiago Centro nun prazo máximo de 5 días hábiles a contar desde a data do sorteo. De non producirse este contacto, Santiago Centro procederá a realizar un segundo sorteo. A selección de gañador realizarase de forma aleatoria a través da plataforma Easypromos, que garante a transparencia do resultado e, como proba, emitirá un certificado de validez inalterable polo organizador do sorteo e que calquera participante poderá solicitar ao organizador.

O gañador obterá como premio 1.500€ dividido en varios vales de compra, que se deberán canxear nos establecementos asociados ao Centro Comercial Aberto do Ensanche que figuran na páxina web da entidade, <https://santiagocentro.gal>

5.- LIMITACIÓNS

Se se evidenciase que calquera dos participantes non cumpre cos requisitos esixidos nas bases, ou que os datos proporcionados para participar non fosen válidos, a súa participación considerarase nula e quedarán automaticamente excluídos da Promoción, perdendo todos os dereitos. Non poderán participar na Promoción as seguintes persoas: 1. Titulares dos establecementos asociados a Santiago Centro. 2. Persoas con contrato laboral a cargo de Santiago Centro. 3. Membros do Padroado de Santiago Centro. 3. Calquera outra persoa física que haxa participado directa ou indirectamente na organización deste concurso ou estivese involucrada directa ou indirectamente na súa preparación.

O premio entregado non será transferible nin susceptible de cambios, alteracións ou compensacións a petición dos Participantes. Santiago Centro resérvase o dereito, se concorre causa xusta e previa comunicación, de efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar esta Promoción.

Correrán a conta e cargo do gañador calquera carga fiscal ou tributaria que a aceptación do premio puidese supoñerlle, así como calquera outro gasto derivado da promoción que non estea expresamente asumido por Santiago Centro nas presentes Bases Legais.

Estableces un prazo de quince (15) días naturais desde a data de concesión do premio para efectuar calquera reclamación motivada. Santiago Centro resérvase, en caso de obrigada necesidade, o dereito de substituír o premio por outro de similares características.

6.- PUBLICACIÓN DE COMENTARIOS OU OPINIÓNS

Non se permitirán comentarios ou opinión con contido que se considere inadecuado, ofensivo, injurioso ou discriminatorio. Santiago Centro non se responsabiliza dos danos ocasionados polos comentarios que poidan facer os participantes na Promoción.

7.- EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

Santiago Centro non se responsabiliza das posibles perdas, roubos, retrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar ao desenvolvemento da Promoción, nin asume responsabilidade ningunha polo uso que o Participante faga do premio.

Santiago Centro non asume a responsabilidade en casos de forza maior ou caso fortuíto que poidan impedir a realización da Promoción. En caso de que esta Promoción non puidese realizarse, ben por fraudes detectados na mesma, erros técnicos ou calquera outro motivo que non estea baixo o control de Santiago Centro, esta resérvase o dereito a cancelar, modificar ou suspender a mesma.

8.- FACEBOOK/INSTAGRAM

A promoción non está patrocinada, avalada, administrada nin asociada en modo ningún a Facebook/Instagram, polo que os Participantes liberan a Facebook de toda responsabilidade.

9.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A entidade responsable do tratamento dos seus datos é a Fundación Santiago Centro, Área Comercial. De conformidade co establecido na normativa aplicable en materia de protección de datos, coa aceptación destas Bases Legais consinte que os datos persoais facilitados para a participación neste concurso sexan incorporados a un ficheiro titularidad de Santiago Centro para tramitar a participación no concurso e para comunicar o premio en caso de que resultase Gañador.

Os datos persoais serán tratados e utilizados seguindo a Política de Privacidade incluída na páxina web de Santiago Centro <https://santiagocentro.gal/aviso-legal/>

10.- CAMBIOS

Santiago Centro resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases, na medida que non prexudique aos participantes na Promoción.

11.- LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN

Estas bases legais rexeranse de conformidade coa lei española. Serán competentes para resolver calquera reclamación ou controversia os xulgados e tribunais da cidade de Santiago de Compostela.

A participación na Promoción implica a aceptación destas bases na súa totalidade.

.